

# **CIFP. POLITÉCNICO DE SANTIAGO**

## **DEPARTAMENTO DE RELACIÓN CON EMPRESAS**

### **OFERTA TRABAJO-Ref.**

Empresa: ADELANTA CORPORACIÓN, S.A.

Persoa de contacto: Elena Moure.

Teléfono: +34 988 510 209

Correo electrónico: [elenamoure@adelanta.com](mailto:elenamoure@adelanta.com)

Posto de traballo: perfil técnico.

Descrición:

Precísase seleccionar unha persoa de perfil técnico para integrarse nun proxecto que está a impulsar a empresa ADELANTA CORPORACIÓN, S.A. mediante a creación de Centros de Traballo Rural para dinamizar e proponer proxectos de colaboración público-privada nos Concellos de A Lama, Fornelos de Montes e Avión relacionados ca Transformación Ecolóxica no ámbito da enerxía, autoconsumo, mobilidade eléctrica e dixitalización transferindo coñecemento, formación e información á veciñanza e co obxectivo tamén de sentar poboación a través de traballo cualificado e de calidade.

O lugar de traballo sería itinerante entre os tres concellos, nos espazos públicos que se habiliten a tal efecto polas entidades locais.

O traballo consistiría en propor e elaborar proxectos relacionados co autoconsumo nas súas diferentes modalidades, puntos de recarga e mobilidade eléctrica, dixitalización e outros que vaian xurdindo relacionados ca eficiencia enerxética e a economía circular.

Nos proxectos que se vaian concretando e poidan ser receptores de axudas públicas tamén se realizarían traballos de xestión e tramitación das axudas.

Tamén se promoverían a través dos centros de traballo rural xornadas de información de tarifas da luz, vehículo eléctrico, tecnoloxías fotovoltaica e termosolar, etc.

Esta persoa estaría en contacto tanto co persoal das administracións locais como cos veciños polo que é preciso que teña don de xentes.

En definitiva se busca unha persoa xoven (con atención á discriminación positiva en favor das mulleres) de perfil técnico para incorporación inmediata a poder ser con experiencia en consultoría ou oficina técnica con competencia en tramitacións administrativas e con don de xentes que lle guste o mundo rural e con dispoñibilidade para fixar o seu lugar de residencia nun destes concellos, tamén é preciso que dispoña de carnet de conducir e de vehículo propio.

O proceso de selección o faría ADELANTA CORPORACIÓN, S.A.

**A persoa de contacto en ADELANTA CORPORACIÓN é Elena Moure e o seu correo de contacto é [elenamoure@adelanta.com](mailto:elenamoure@adelanta.com) (Teléfono: +34 988 510 209).**

**13 de xullo de 2021**